



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 22 de marzo de 2024, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do prezo público polas escolas deportivas correspondente ao mes de marzo de 2024, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 22 de marzo de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0839

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 21 de marzo de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº EMC 4/2024, de suplemento de crédito nº 2024/03, que será destinado a atender obrigas pendentes de aplicar ao presuposto, recollidas na conta 413, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de **50.191,13** euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Mondoñedo, 22 de marzo de 2024.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0812

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS24/2024

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 25 de marzo de 2024,o expediente núm. 24/2024 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 750.000,00€, financiado con operación de crédito, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 26 de marzo de 2024.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023.- A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0841

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 23/2024**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 25 de marzo de 2024o expediente núm. 23/2024 de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 1.743.208,18 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 26 de marzo de 2024.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023.- A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0842

RIOTORTO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2024, acordou aprobar a memoria técnica das obras “Mellora da eficiencia enerxética nas vivendas sociais de Riotorto” e as memorias valoradas das obras “Pavimentación nos núcleos de Augaxosa, O Pouxaneiro e Santalla”, “Obras de rehabilitación na vivenda da planta baixa da antiga escola de O Pontigo en Riotorto” e “Obras de rehabilitación na vivenda da planta primeira da antiga escola de O Pontigo en Riotorto”.

Así mesmo, acordouse expoñer ao público os citados proxectos e memorias valoradas polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 22 de marzo de 2024.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0815

SARRIA*Anuncio*

O día 12/03/2024, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2023-0332, aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso de selección polo sistema de mobilidade de dúas prazas de policía local.

Outórgase un prazo de **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para alegacións á referida lista.

Expediente núm.: 35/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE MOBILIDADE DE DÚAS PRAZAS DO CORPO DE POLICÍA LOCAL

Antecedentes:

Mediante Decreto 2024-0059, de data 17/01/2024, aprobouse a convocatoria e bases para a provisión polo sistema de mobilidade de dúas prazas do Corpo de Policía Local, escala básica, categoría de policía, grupo C, subgrupo C1, as cales están incluídas na Oferta de Emprego Público 2023 do Concello de Sarria

As bases e a súa corrección foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 017 de data 20/01/2024.

Publicouse extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia nº 19, de data 26/01/2024 e no Boletín Oficial do Estado nº28 de data 01/02/2024, abríndose o prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte desta última publicación.

Constando persoas excluídas e considerando que na base 4.1 se establece que esta alcaldía ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso, así como os/as candidatos/as que quedan eximidos da realización do exame de galego. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>.

De conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar, conforme o punto 4 das bases, a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

APELIDOS E NOME	DNI	ADMITIDO	CAUSAS EXCLUSIÓN
Armesto de Hojas, Oliver	***216***	NON	Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía (Base 2.1.b)

SEGUNDO. Publicar, conforme o punto 4 das bases a relación provisional de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo **de 10 días hábiles**, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida.

Sarria, 22 de marzo de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 0844

TABOADA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MC EXP. 45/2024

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 21 de febreiro de 2024, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal por importe de **15.000,00 €, MC EXP. 45/2024**, modalidade transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto como se indica a continuación:

Baixas en Aplicacións de Gastos

PRG	ECA	DESCRICIÓN	importe
450	22199	OUTROS SUMINISTROS	15.000,00
TOTAL			15.000,00

Altas en Aplicacións de Gastos

PRG	ECA	DESCRICIÓN	importe
3261	48000	A FAMILIAS E INSTITUCIÓN S EN FINS DE LUCRO	15.000,00

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Taboada, 22 de marzo de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0816

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS.

SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA E ESCOLA DE MÚSICA DE TABOADA XOÁN MONTES. (EXP G45/2024).

Aprobado inicialmente en sesión de Pleno deste Concello, de data 21 de febreiro de 2024, a modificación do anexo de subvencións, e publicados os anuncios de exposición ao público no BOP de Lugo nº 47 de data 26 de febreiro de 2024 e non habendo reclamacións de conformidade cos acordos adoptados as modificacións consideranse definitivamente aprobadas, nos seguintes termos:

CONCEPTO	APLICACIÓNS		IMPORTE
Asociación Cultural Banda e Escola de Música de Taboada Xoán Montes	3261	48000	15.000,00
Amigos do Mosteiro Conde de Pallares	334	48000	2.000,00
Fundación amigos de Galicia	334	48000	6.000,00
Asociación O Carballo	334	48000	1.500,00
Santo encontro	334	48000	1.700,00
Rechouchíos	334	48000	1.500,00
Festas da vila	338	48000	12.000,00
Club de fútbol Taboada	341	48000	9.250,00
Club Atlético Taboada	341	48000	1.200,00
Veteranos fútbol	341	48000	500,00
Club de fútbol feminino	341	48000	1.500,00
Club ciclista Túzaro	341	48000	1.500,00
Acimta	433	47	8.500,00
TOTAL			62.150,00

Taboada, 22 de marzo de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0817

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Procedemento xenérico

Expediente número: 3846/2022

Asunto: Anuncio relativo á aprobación inicial do plan municipal de prevención de incendios do Concello de Vilalba.

Logo de instruír polos servizos competentes deste Concello, expediente de aprobación do Plan Municipal de prevención de incendios que se detalla a continuación, convócase, por prazo de 20 días, trámite de audiencia e

Anuncio publicado en: Num BOP 75 año 2024 (01/04/2024 08:00:00)

de información pública, a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

A tales efectos, infórmase aos interesados que teñen á súa disposición nas dependencias municipais o Plan Municipal de prevención de incendios para a súa consulta, así coma tamén se encontra en período de exposición do taboeiro de anuncios da Corporación

Asemade, o presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Vilalba, 19 de marzo do 2024.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 0818

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **08/03/2024**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

FOLGOSO DO COUREL: titular: DON MANUEL VILA ÁLVAREZ. DNI 34*203S.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 13 de marzo de 2024.- A SECRETARIA DE GOBERNO POR SUSTITUCIÓN, Concepción E. Otero Piñeiro.

R. 0820